

# Miradoiro a Santa Marta

PR-G  
249

## CAMIÑO VELLO DE ALDOSENDE




Puntos de interés	
1	ALDEA DE ALDOSENDE
2	MIRADOR DE ALDOSENDE
3	MIRADOR VOLTA DO CASTELO
4	SAN FACUNDO DE RIBAS DE MIÑO
5	MIRADOR ADEGA DOS PENEDOS
6	MIRADOR A SANTA MARTA
7	ALDEA SANTA MARTA
8	MIRADOR CABO DE VILA

Escala 1:20.000

MIDE  
Método para a Información  
De Excursións

	Horario	2h 05'		MEDIO Severidad del medio natural
	Desnivel de subida	449 m		ITINERARIO Orientación en el itinerario
	Desnivel de baixada	565 m		DESPLAZAMIENTO Dificultad en el desplazamiento
	Distancia horizontal	10,9 km		ESFUERZO Cantidad de esfuerzo necesario
	Tipo de recorrido	Travesía		

\* Condiciones para todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas



## MIRADOIRO A SANTA MARTA

Os organizadores deste recorrido consideran destacar as vistas do Miño dende este miradoiro, facendo especial mención ás vistas que se poden gozar do pobo de Santa Marta e das terras a través das que discorre a senda que nos leva ata alí, cheas de sacrificio e historia; historia que o camiñante que por estas terras se aventure a percorrer debe coñecer.

O rei Alfonso VII, no ano 1144, doa ao mosteiro cisterciense de Santa María de Castro de Rei (Paradela) a granxa de Santa Marta. Aquí os frades do cister, coa axuda dos nativos do lugar, cumpriron co lema "ora et labora", rozando e poñendo en cultivo estas terras, interesándose sobre todo pola plantación de viñas, arranxo de bodegas e cubas e por manter en bo estado as pesqueiras e os muíños. Esta aldea estaba baixo a xurisdición civil de Castro de Rei, cuxo abade tiña a prerrogativa de nomear xuíz e escribán e dispoñía de cárcere para encadear aos delinquentes.

O abade de Montederramo (Ourense) solicita do papa a anexión de Castro de Rei. Julio II, por bula de 1506, suprime o mosteiro de Castro de Rei e anexiona a Montederramo. Non obstante, hoxe sabemos que o abade de Montederramo non toma posesión de Castro de Rei ata o ano 1522. Durante máis de tres séculos, Santa Marta pagaba cuantiosas rendas en especie, entre outras, milleiros de canados de viño, milleiros de ducias de anguías (frescas e salgadas) e milleiros de empanadas tamén de anguía.

Hoxe en día apenas quedan uns viñedos en produción, e a meirande parte dos muros que con tanto esforzo e sacrificio se levantaron serven de asento as masas de piñeiros que nos acompañan, e nos dan sombra no noso recorrido dende Santa Marta.



## MONTES DE SABADELLE (PORTOMARÍN)

## SANTA MARTA



## VIÑEDOS

Los organizadores de este recorrido consideran destacar las vistas del Miño desde este mirador, haciendo especial mención a las vistas que se pueden disfrutar del pueblo de Santa Marta y de las tierras por las que atraviesa la senda que hasta allí nos lleva, llenas de sacrificio e historia; historia que el caminante que se aventure a recorrer estas tierras debe conocer.

El rey Alfonso VII, en el año 1144, dona al monasterio cisterciense de Santa María de Castro de Rei (Paradela) la granja de Santa Marta. Aquí los frades del cister con, la ayuda de los nativos del lugar, cumplieron con el lema "ora et labora", rozando y poniendo en cultivo estas tierras, interesándose sobre todo por la plantación de viñas, arreglo de bodegas y cubas y por mantener en buen estado las pesquerías y los molinos. Esta aldea estaba bajo la jurisdicción civil de Castro de Rei, cuyo abad tenía la prerrogativa de nombrar juez y

escribano, y disponía de cárcel para encadenar a los delinquentes.

El abad de Montederramo (Ourense) solicita del papa la anexión de Castro de Rei. Julio II, por bula de 1506, suprime el monasterio de Castro de Rei y lo anexiona a Montederramo. No obstante, hoy sabemos que el abad de Montederramo no toma posesión de Castro de Rei hasta el año 1522. Durante más de tres siglos, Santa Marta pagaba cuantiosas rentas en especie, entre otras, millares de cántaros de vino, millares de docenas de anguilas (frescas y saladas) y millares de empanadas también de anguila.

Hoy en día apenas quedan unos viñedos en producción, y la mayor parte de los muros que con tanto esfuerzo y sacrificio se levantaron, sirven de asiento a las masas de pinos que nos acompañan, y nos dan sombra en nuestro recorrido desde Santa Marta.

# Miradoiro Adegas dos Penedos

PR-G  
249

## CAMIÑO VELLO DE ALDOSENDE



Puntos de interés	
1	ALDEA DE ALDOSENDE
2	MIRADOR DE ALDOSENDE
3	MIRADOR VOLTA DO CASTELO
4	SAN FACUNDO DE RIBAS DE MIÑO
5	MIRADOR ADEGA DOS PENEDOS
6	MIRADOR A SANTA MARTA
7	ALDEA SANTA MARTA
8	MIRADOR CABO DE VILA

MIDE		
Método para a Información De Excursións		
	Horario	2h 05'
	Desnivel de subida	449 m
	Desnivel de baixada	565 m
	Distancia horizontal	10,9 km
	Tipo de percorrido	Travesía

	MEDIO	Severidade do medio natural
	ITINERARIO	Orientación en el itinerario
	DESPLAZAMENTO	Dificultad en el desplazamiento
	ESFUERZO	Cantidad de esfuerzo necesario

\* Condicións para todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas




## ADEGA DOS PENEDOS

Dende esta atalaia formada polos caprichos da natureza e ocupada no pasado pola necesidade de supervivencia humana, o/a camiñante pode sentirse pequeno e humilde ou engrandecerse coa contemplación de toda a beleza que a rodea.

A panorámica, como se pode observar, é impresionante. Aquí a grandiosidade da natureza, case inhóspita, fai pensar no sacrificio e laboriosidade con que o home a foi humanizando ata lograr unha vista harmónica na que ningún elemento desentona. Cabe admirarse da capacidade dos habitantes do lugar para se abastecer dos bens máis esenciais apoiándose case exclusivamente nas súas propias forzas e habilidades, xa que a orografía do contorno apenas permite contar coa axuda dos animais, pois dificulta enormemente o uso do carro, do

arado, etc. Así e todo, non faltan neste pequeno conxunto urbanístico de ribeira un lugar para situar as cubas que almacenan o viño, rústicas vivendas, paleiras, airas, forno, hórreo, bebedoiros para o gando e mesmo unha pequena industria caseira exemplificada nos restos de teares empregados para a fabricación de tecidos. Se a isto lle engadimos as viñas, as bodegas, os muros, os socalcos, os castiñeiros, os carballos, os bidueiros, as xestas, os toxos, as carqueixas, os salgueiros, os ameneiros e toda clase de frutais, atoparémonos diante dunha paraxe de tal maxestade que eleva o espírito de quen por esta senda camiña.

En calquera caso, debo comentarlle que moi preto de aquí se adentra nun horizonte máis aberto, no corazón do cal vai atopar o famoso Mosteiro de San Facundo de Ribas de Miño.



Dende esta atalaya, formada por los caprichos de la naturaleza y ocupada en el pasado por la necesidad de supervivencia humana, el/la caminante puede sentirse pequeño y humilde o engrandecerse con la contemplación de toda la belleza que la rodea.

La panorámica, como se puede observar, es impresionante. Aquí la grandiosidad de la naturaleza, casi inhóspita, hace pensar en el sacrificio y laboriosidad con el que el hombre la ha ido humanizando hasta lograr una vista armónica en la que ningún elemento desentona. Cabe admirarse de la capacidad de los habitantes del lugar para abastecerse de los bienes más esenciales apoyándose casi exclusivamente en sus propias fuerzas y habilidades, ya que la orografía del contorno apenas permite contar con la ayuda de los animales, pues dificulta enormemente el uso del carro, del arado, etc. Aún así, no

faltan en este pequeño conjunto urbanístico de ribera un lugar para situar las cubas que almacenan el vino, rústicas viviendas, pajares, eras, horno, hórreo, bebederos para el ganado e incluso una pequeña industria casera ejemplificada en los restos de telares empleados para la fabricación de tejidos. Si a esto le añadimos las viñas, las bodegas, los muros, los bancales, los castaños, los robles, los abedules, las gestas, los tojos, las carqueixas, los sauces, los alisos y toda clase de frutales, nos encontraremos delante de unha paraxe de tal majestud que eleva el espíritu de quien por esta senda camina.

En cualquier caso, debo comentarle que muy cerca de aquí se adentra en un horizonte más abierto, en el corazón del cual va a encontrar el famoso Monasterio de San Facundo de Ribas de Miño.

## MOSTEIRO SAN FACUNDO DE RIBAS DE MIÑO

A igrexa que pronto vai atopar ten unha parte románica construída cara ao ano 1176, unha parte gótica representada pola bóveda sexpartita construída arredor do ano 1228 e, a principios do século XIX, constrúese a fachada actual. En todo caso, o máis espectacular da igrexa é o elemento gótico da bóveda sexpartita, relevante fundamentalmente polo feito de que este estilo é case inexistente nas pequenas igrexas aldeás da nosa provincia, o que converte esta bóveda nunha xoia gótica do mundo rural.

O/a camiñante non debería abandonar este recinto monástico sen facer unha visita ao pequeno cemiterio parroquial onde atopará unha gran sorpresa: todas as inscricións das lápidas están escritas en lingua galega, sendo este un caso insólito na nosa Comunidade.

O noso pequeno mosteiro tivo autonomía propia no seu reducido couto e xurisdición civil coa súa "bodega-cárcere", dotada de cepo e cadea. Pese á súa pobreza foi medrando e anexionando novos pobos que lle permiten mellorar as súas rendas, decorar con algunhas pinturas a súa igrexa e construír unha capela na Penarredonda adicada á Virxe peregrina e milagreira, santuario que aínda hoxe goza de gran veneración entre a veciñanza destas terras e ao que se pode chegar desviándose dende a ruta que est a desfrutar.

San Facundo obtivo o recoñecemento de Monumento Histórico Artístico de Carácter Nacional o día 17 de xuño de 1982. A partir desa data fíxose unha acertada restauración en harmonía coa contorna, tanto da igrexa coma da pequena comunidade monástica.

La iglesia que pronto va a encontrar tiene una parte románica construida hacia el año 1176, una parte gótica representada por la bóveda sexpartita construida alrededor del año 1228 y, a principios del siglo XIX, se construye la fachada actual. En todo caso, lo más espectacular de la iglesia es el elemento gótico de la bóveda sexpartita, relevante fundamentalmente por el hecho de que este estilo es casi inexistente en las pequeñas iglesias aldeanas de nuestra provincia, lo que convierte esta bóveda en una joya gótica del mundo rural.

El/la caminante no debería abandonar este recinto monástico sin hacer una visita al pequeño cementerio parroquial donde encontrará una gran sorpresa: todas las inscripciones de las lápidas están escritas en lengua gallega, siendo este un caso insólito en nuestra Comunidad.

Nuestro pequeño monasterio tuvo autonomía propia en su reducido entorno y jurisdicción civil con su "bodega-cárcel", dotada de cepo y cadena. Pese a su pobreza fue creciendo y anexionando nuevos pueblos que le permiten mejorar sus rentas, decorar con algunas pinturas su iglesia y construir una capilla en la Penarredonda dedicada a la Virgen peregrina y milagrosa, santuario que aún hoy disfruta de gran veneración entre el vecindario de estas tierras y al que se puede acceder desviándose de la ruta que esta disfrutando.

San Facundo obtuvo el reconocimiento de Monumento Histórico Artístico de Carácter Nacional el día 17 de junio de 1982. A partir de esa fecha se hizo una acertada restauración en armonía con el entorno, tanto de la iglesia como de la pequeña comunidad monástica.



# Miradoiro Volta do Castelo

PR-G  
249

## CAMIÑO VELLO DE ALDOSENDE



### Puntos de interés

1	ALDEA DE ALDOSENDE
2	MIRADOR DE ALDOSENDE
3	MIRADOR VOLTA DO CASTELO
4	SAN FACUNDO DE RIBAS DE MIÑO
5	MIRADOR ADEGA DOS PENEDOS
6	MIRADOR A SANTA MARTA
7	ALDEA SANTA MARTA
8	MIRADOR CABO DE VILA

MIDE  
Método para a Información  
De Excursións

	Horario	2h 05'		MEDIO Severidad del medio natural
	Desnivel de subida	449 m		ITINERARIO Orientación en el itinerario
	Desnivel de baixada	565 m		DESPLAZAMENTO Dificultad en el desplazamiento
	Distancia horizontal	10,9 km		ESFUERZO Cantidad de esfuerzo necesario
	Tipo de percorrido	Travesía		

\* Condiciones para todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas



## A RUTA



## O ENTORNO



## MIRADOIRO VOLTA DO CASTELO

Amigo/a camiñante, gustaríanos pensar que, antes de chegar a este punto, gozou vostede do encanto dun panorama singular no que predominan as magníficas vistas da cunca do Miño amparada polas vetustas montañas que esvaran sobre del. Cando as augas do encoro de Belesar deixan o leito ao natural, albíscanse tamén as ruínas que estas acubillaron. Entre os moitos elementos anegados, cabe destacar que, moi cerca deste miradoiro, río arriba na marxe esquerda, atopábase unha casa que tiña algúns distintivos de mansión señorial, tales como a capela, o muíño, as pesqueiras, os agros, as grandes viñas ben muradas, os soutos, os montes, as alvarizas, etc., que, en conxunto, abarcaban unha gran superficie repleta de bens aos que hai que engadir a fortuna de se atopar ao pé do xeneroso Miño, garante de peixe.

A expresión "Volta do Castelo", empregada polos oriúndos da zona, fai referencia a esta antiga mansión. Na Idade Media este tipo de vivenda denominábase con frecuencia Castelum (castelo) e tiña unha finalidade defensiva e relixiosa, simbolizada pola súa capela. No século XVIII, esta casa coñecía co nome de Abelaira do Priorado, pola súa vinculación co mosteiro de San Facundo. Máis tarde denominouse Abelaira do Río. O termo "volta" refírese ao xiro á dereita que o río Miño fai neste lugar, onde se produce un aumento do seu caudal, favorecido pola inclinación do terreo e a confluencia co río Trapa, que vén dos montes de Acevedo e Bidueiro (Castro de Rei).

Ata aquí o camiño non é de carro, nin de ferradura, senón de a pé, recomendado para grandes camiñantes. Antes de alcanzar os acantilados, deberá percorrer aínda un pequeno treito pola beira do Trapa ata chegar á pontella que o levará á outra marxe. Non moi lonxe de alí, próxima á ruta, atópase a Pena das Buratas, probable acocho dos homes primitivos e escondedoiro de fuxidos nos tempos das guerras e, ao seu carón, unha fermosa fervenza.

Moito ánimo, valente amigo/a, no seu ascenso a Aldosende. Non desfaleza, pois o que á vista se ofrece desde o alto destes montes, paga con fartura o sacrificio do corpo.

Amigo/a caminante, nos gustaría pensar que, antes de chegar a este punto, disfrutó usted del encanto de un panorama singular en el que predominan las magníficas

vistas de la cuenca del Miño amparada por las vetustas montañas que resbalan sobre él. Cuando las aguas del embalse de Belesar dejan el lecho al natural, se parecían también las ruinas que estas cobijaron. Entre los muchos elementos inundados, cabe destacar que, muy cerca de este mirador, río arriba en la margen izquierda, se encontraba una casa que tenía algunos distintivos de mansión señorial, tales como la capilla, el molino, las pesqueras, los campos, las grandes viñas bien muradas, los castañares, los montes, las colmenares, etc., que, en conjunto, abarcaban una gran superficie repleta de bienes a los que hay que añadir la fortuna de encontrarse al pie del generoso Miño, siempre garantía de pescado.

La expresión "Volta del Castelo", empleada por los oriundos de la zona, hace referencia a esta antigua mansión. En la Edad Media este tipo de vivienda se denominaba con frecuencia Castelum (castillo) y tenía una finalidad defensiva y religiosa, simbolizada por su capilla. En el siglo XVIII, esta casa se conocía con el nombre de Abelaira del Priorado, por su vinculación con el monasterio de San Facundo. Más tarde se denominó Abelaira del Río. El término "vuelta" se refiere al giro a la derecha que el río Miño hace en este lugar, donde se produce un aumento de su caudal, favorecido por la inclinación del terreno y la confluencia con el río Trapa, que viene de los montes de Acevedo y Bidueiro (Castro de Rei).

Desde aquí el camino no es de carro, ni de herradura, sino de a pie, recomendado para grandes caminantes. Antes de alcanzar los acantilados, deberá recorrer aun un pequeño trecho por la orilla del río Trapa hasta llegar a la pasarela que lo llevará al otro margen. No muy lejos de allí, próxima a la ruta, se encuentra "A Pena das Buratas", probable escondite de los hombres primitivos y de forajidos en los tiempos de las guerras y, a su lado, una hermosa cascada.

Mucho ánimo, valiente amigo/a, en su ascenso a Aldosende. No desfallezca, pues lo que a la vista se ofrece desde lo alto de estos montes, paga con creces el sacrificio del cuerpo.

# Miradoiro de Aldosende

PR-G  
249

## CAMIÑO VELLO DE ALDOSENDE



### Puntos de interés

- 1 ALDEA DE ALDOSENDE
- 2 MIRADOR DE ALDOSENDE
- 3 MIRADOR VOLTA DO CASTELO
- 4 SAN FACUNDO DE RIBAS DE MIÑO
- 5 MIRADOR ADEGA DOS PENEDOS
- 6 MIRADOR A SANTA MARTA
- 7 ALDEA SANTA MARTA
- 8 MIRADOR CABO DE VILA

Escala 1:20.000

MIDE  
Método para a Información  
De Excursións

	Horario	2h 05'		MEDIO Severidad del medio natural
	Desnivel de subida	449 m		ITINERARIO Orientación en el itinerario
	Desnivel de baixada	565 m		DESPLAZAMIENTO Dificultad en el desplazamiento
	Distancia horizontal	10,9 km		ESFUERZO Cantidad de esfuerzo necesario
	Tipo de percorrido	Travesía		

\* Condiciones para todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas



## MIRADOIRO DE ALDOSENDE

Esta parada no camiño, ademais de permitirmos tomar folgo, ofrece unha das vistas máis fermosas do percorrido que estamos a facer. Á dereita atópase o áspero monte da Trapa, en cuxas faldas se aprecian bos exemplos da riqueza vinícola destas terras. A marxe esquerda corresponde a Portomarín, irmán do outro lado do río. Domina a paisaxe o pai Miño, que durante tantos séculos aliviou a fame destas terras e serviu de vínculo entre os diferentes pobos bañados por el.

Esta parada en el camino, además de permitirmos tomar aliento, ofrece una de las vistas más hermosas del recorrido que estamos haciendo. A la derecha se encuentra el áspero monte de A Trapa, en cuyas faldas se aprecian buenos ejemplos de la riqueza vinícola de estas tierras. La margen izquierda corresponde a Portomarín, hermano del otro lado del río. Domina el paisaje el padre Miño, que durante tantos siglos alivió el hambre de estas tierras y sirvió de vínculo entre los diferentes pueblos bañados por él.

O monte no que nos atopamos pertence á parroquia de Aldosende. Foron as valorosas xentes deste lugar as que máis pelexaron pola conservación dunha senda que acurtara a distancia que os separa do río e da vila de Portomarín. Como dixemos con anterioridade, é grazas a eles que hoxe podemos percorrer este vieiro accidentado, polo que tantas veces transitaron cargados cos prezados bens obtidos destas augas e das súas ribeiras.

El monte en el que nos encontramos pertenece a la parroquia de Aldosende. Fueron las valientes gentes de este lugar las que más lucharon por la conservación de una senda que acortara la distancia que los separa del río y del pueblo de Portomarín. Como dijimos con anterioridad, es gracias a ellos que hoy podemos recorrer este camino accidentado, por lo que tantas veces transitaron cargados con los preciados bienes obtenidos de estas aguas y de sus riberas.

## O MIÑO: PESCA E TRADICIÓN CULINARIA

O río Miño xerou unha tradición nas artes de pesca, no tipo de embarcacións e na forma de construír os caneiros empregados para capturar as cobizadas anguías, que foi compartida polas xentes de ámbalas dúas marxes. Creou, así mesmo, unha cultura culinaria moi antiga nas distintas formas de aproveitar aquel manjar tan admirado. A anguía que baixaba nas primeiras cheas do outono-inverno era excepcional e, polo xeral, tan abundante que mesmo chegaba ás lareiras dos veciños máis humildes. Ademais, o Miño ofrecía fartura de peixes e troitas a quen tivera algunha maña ou aparello con que pescalos.

El río Miño generó una tradición en las artes de pesca, en el tipo de embarcaciones y en la forma de construir los caneiros empleados para capturar las codiciadas anguilas, que fue compartida por los habitantes de ámbas márgenes. Creó, asimismo, una cultura culinaria muy antigua en las distintas formas de aprovechar aquel manjar tan admirado. La anguila que bajaba en los primeros montones del otoño-invierno era excepcional y, por lo general, tan abundante que incluso llegaba a las cocinas de los vecinos más humildes. Además, el Miño ofrecía abundancia de pescados y truchas la quien habían demostrado alguna destreza o habían contado con algún aparejo con que pescarlos.



## O VIÑO

No seu poema "Os viños do Miño", Manuel María refírese aos caldos de Portomarín como lixeiros e algo acedos. Tal definición encaixaba tamén cos seus parentes desta ribeira aínda que, coa introdución de novas variedades de cepa, a calidade do viño cambiou. O que permanece é o amor e o coidado co que as xentes desta terra tratan as súas viñas, parte indispensable do fogar; o orgullo que resulta da colleita anual e o inmenso gozo de compartir o froito de tanto traballo cos achegados.


En su poema "Os viños do Miño", Manuel María se refiere a los caldos de Portomarín como ligeros y algo ácidos. Tal definición encajaba también con sus parientes de esta ribera aunque, con la introducción de nuevas variedades de cepa, la calidad del vino cambió. El que permanece es el amor y el cuidado con el que las gentes de esta tierra tratan sus viñedos, parte indispensable del hogar; el orgullo que resulta de la cosecha anual y el inmenso placer de compartir el fruto de tanto trabajo con los más cercanos.



## A AUGARDENTE

Como produto derivado do viño, a augardente foi e caínda é un licor moi prezado por ribeiregos, labregos e pescadores. As de Paradela e Portomarín son famosas pola súa calidade, pois destílanse con moita paciencia, respectando as normas da "Serenísima Orde da Alquitara": lume constante e non abrasador, caída da augardente a fio moi miúdo e renovación continua de auga fría.

Como producto derivado del vino, la aguardiente fue y aun es un licor muy preciado por ribereños, labradores y pescadores. El de Paradela y Portomarín son famosas por su calidad, pues se destilan con mucha paciencia, respetando las normas de la "Serenísima Orden de la Alquitara": fuego constante y no abrasador, caída de la aguardiente a hilo muy menudo y renovación continua de agua fría.



# Miradoiro de Cabodevila e Penedo do Bico

PR-G  
249

## CAMIÑO VELLO DE ALDOSENDE



### Puntos de interés

- 1 ALDEA DE ALDOSENDE
- 2 MIRADOR DE ALDOSENDE
- 3 MIRADOR VOLTA DO CASTELO
- 4 SAN FACUNDO DE RIBAS DE MIÑO
- 5 MIRADOR ADEGA DOS PENEDOS
- 6 MIRADOR A SANTA MARTA
- 7 ALDEA SANTA MARTA
- 8 MIRADOR CABO DE VILA

Escala 1:20.000

MIDE  
Método para a Información  
De Excursións

	Horario	2h 05'		MEDIO Severidade del medio natural
	Desnivel de subida	449 m		ITINERARIO Orientación en el itinerario
	Desnivel de baixada	565 m		DESPLAZAMENTO Dificultad en el desplazamiento
	Distancia horizontal	10,9 km		ESFUERZO Cantidad de esfuerzo necesario
	Tipo de recorrido	Travesía		

\* Condiciones para todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas



CASTRO SUIRXE

CASTROMAIOR

POBO "NOVO" DE PORTOMARÍN

CAMIÑO FRANCÉS



MIRADOIRO DE CABODEVILA

FERREIROÁ

RIO LOIO

Este enclave máxico atópase rodeado de diferentes lugares, que poden transportarnos tamén a diferentes épocas. Comezando dende o extremo esquerdo, localizamos o Castro da Virxe (coñecido como Suirxe, "baixo a virxe"). Continuando no percorrido cara á dereita, aproximámonos á vila de Portomarín, onde atopamos o Castro de Castromaior, xacemento arqueolóxico da Idade de Ferro declarado como Ben de Interese Cultural (BIC).

Os nosos pés, o pobo de Ferreiroá, situado a uns dous quilómetros de Portomarín, que foi asolagado coa construción do embalse de Belesar no ano 1963. Obsérvanse dende este miradoiro os restos dos muros que formaban as vivendas. Ano tras ano estes muros quedan ó descuberto propiciando un ambiente fantasmal, solitario e derruído. Mirando ó fronte, Portomarín, pobo novo reconstruído sobre o Monte do Cristo que apenas

alcanza os 60 anos dende a súa fundación. O primitivo foi tamén asolagado polas augas do Miño coa construción do embalse de Belesar, silenciando memorias e historia en beneficio do negocio da electricidade e do progreso. Este novo pobo de Portomarín foi asentado sobre tres castros: Castro, Santa Mariña e San Pedro.

Máis a dereita, vemos o entorno polo que discorren os últimos quilómetros do Camiño Francés dentro dos límites do Concello de Paradelá, antes de cruzar o Miño e entrar no concello de Portomarín.

Tamén a dereita, o Río Loio, vertendo as súas augas no pai Miño tras percorrer as terras de Paradelá, dende o seu nacemento na parroquia de Castro de Rei.

Querido visitante, decatouse que esta vostede nun lugar privilexiado, con infinidade de historias silenciadas polo paso do tempo.

Este enclave máxico se encuentra rodeado por diversos lugares, que pueden transportarnos también a diferentes épocas. Comenzando desde el extremo izquierdo, localizamos el Castro de la Virgen (conocido como Suirxe, "bajo la virgen"). Continuando con el recorrido hacia la derecha, nos aproximamos a la villa de Portomarín, donde localizamos el Castro de Castromaior, yacimiento arqueológico de la Edad de Hierro declarado como Bien de Interés Cultural (BIC).

A nuestros pies, el pueblo de Ferreiroá, localizado a unos dos kilómetros de Portomarín, que fue inundado con la construcción del embalse de Belesar en el año 1963. Se observan, desde este mirador, los restos de los muros que formaban las viviendas. Año tras año estos muros quedan al descuberto propiciándonos un ambiente fantasmal, solitario y derribado. Mirando al frente, Portomarín, pueblo nuevo reconstruido sobre lo Monte del Cristo que apenas

alcanza los 60 años desde su fundación. El primitivo también fue inundado por las aguas del Miño con la construcción del embalse de Belesar, silenciando memorias y historia en beneficio del negocio de la electricidad y del progreso. El nuevo pueblo de Portomarín fué asentado sobre tres castros: Castro, Santa Mariña y San Pedro.

Más a la derecha, vemos el entorno por lo que discorren los últimos kilómetros del Camino Francés dentro de los límites del Ayuntamiento de Paradelá, antes de cruzar el Miño y entrar en el ayuntamiento de Portomarín.

También a a derecha, el Río Loio, vertiendo sus aguas en el padre Miño tras recorrer las tierras de Paradelá, desde su nacimiento en la parroquia de Castro de Rei. Querido visitante, se habrá dado cuenta que esta usted en un lugar privilegiado, con infinidade de historias silenciadas por el paso del tiempo.

## PENEDO DO BICO

“Penedo do Bico”, así adoitan chamar e este lugar os veciños tanto do pobo de Santa Marta como os de San Martiño de Castro, situado no mesmo linde das dúas parroquias. O de Bico fai alusión directa a especie de cazoleta onde se vertía o sangue dos sacrificios que os antigos ofrecían os seus deuses como ofrenda.

“Penedo do Bico”, así acostumbra a chamar a este lugar los vecinos de los pueblos de Santa Marta y San Martiño de Castro, situado en el límite entre ambas parroquias. El término “Bico” hace referencia a la forma de cazoleta donde se vertería la sangre de los sacrificios que los antiguos ofrecían a sus dioses como ofrenda.



# Santa Marta

## LUGAR DE SANTA MARTA

**A**migo/a camiñante, atópase vostede a carón do lugar de Santa Marta, hoxe case todo el acubillado polas augas do encoro de Belesar (ano 1963).

Este núcleo de poboación, que chegou a contar con sete veciños, debemos consideralo de sumo interese tanto pola súa singularidade climatolóxica e paisaxística coma pola súa historia.

Santa Marta, contemplada desde unha perspectiva orográfica, rodeada en parte polo río Miño, abrigada do norte polos montes de San Martiño e orientada cara ao suroeste, eríxese en herdeira dun microclima que dá lugar a un verxel de produtos hortícolas e frutais temperáns de primeira calidade: pementos, tomates, cebollas, patacas, leitugas, peras, figos, cereixas, castañas, etc., que con gran sacrificio transportaban

homes e mulleres en grandes goxas con destino aos mercados de Portomarín, Lugo e outros a través do camiño que está vostede a percorrer para satisfacción das súas inquietudes culturais. Ademais, hai que suliñar que nesta zona producíanse, e aínda se producen, excelentes viños brancos e tintos e unha insuperable augardente.

**A**migo/a caminante, se encuentra usted al lado del lugar de Santa Marta, hoy casi todo él cobijado por las aguas del embalse de Belesar (año 1963).

Este núcleo de población, que llegó a contar con siete vecinos, debemos considerarlo de sumo interés tanto por su singularidad climatológica y paisajística como por su historia.

Santa Marta, contemplada desde una perspectiva orográfica, rodeada en parte por el río Miño, abrigada del norte por los montes de San Martiño y orientada hacia el sudoeste, se erige en heredera de un microclima que da lugar a un vergel de productos hortícolas y frutas tempraneras de primera calidad: pimientos, tomates, cebollas, patatas, lechugas, peras, higos, cerezas, castañas, etc., que con gran sacrificio transportaban hombres y mujeres en grandes cestas con destino a los mercados de Portomarín, Lugo y otros a través del camino que está usted a recorrer para satisfacción de sus inquietudes culturales. Además, hay que señalar que en esta zona se producían, y aún se producen, excelentes vinos blancos y tintos y una insuperable aguardiente.



## TRADICIÓN

**O** río Miño foi, antes do encoro de Belesar, unha considerable despensa de pesca. Aquí nunca faltaron abundantes colleitas de anguías, troitas e peixes. Durante máis de tres séculos Santa Marta pagou cuantiosas rendas en especie, entre outras, milleiros de canados de viño, milleiros de ducias de anguías (frescas e salgadas) e milleiros de empanadas de anguías que, pola súa exquisitez, nos permite afirmar que Santa Marta ten o merecido recoñecemento de “berce da empanada de anguías”. Neste arte de preparalas debemos renderlles unha sentida homenaxe ás mulleres destas terras, xa que é grazas a elas que aínda hoxe as podemos degustar nos restaurantes da zona.

(GAL) Anguía, raiña das empanadas




(ES) Anguila, reina de las empanadas

**E**l río Miño fue, antes del embalse de Belesar, una considerable despensa de pesca. Aquí nunca faltaron abundantes cogidas de anguilas, truchas y pescados. Durante más de tres siglos Santa Marta pagó cuantiosas rentas en especie, entre otras, millares de litros de vino, millares de docenas de anguilas (frescas y saladas) y millares de empanadas de anguilas que, por su exquisitez, nos permiten afirmar que Santa Marta tiene el merecido reconocimiento de “cuna de la empanada de anguilas”. En este arte de prepararlas debemos renderles un sentido homenaje a las mujeres de estas tierras, ya que es gracias a ellas que aún hoy las podemos degustar en los restaurantes de la zona.



## HISTORIA



**N**este remanso de paz, lonxe do mundanal ruído, agás o piar dos paxaros e o murmurio das augas do Miño, monxes e devotos do lugar construíron unha capela para dar grazas por todos os bens recibidos. Esta primeira ermida quedou, coma o resto das casas, viñas, bodegas, pesqueiras, muíños, etc., debaixo das augas do encoro no ano 1963. A capela que FENOSA construíu, preto da que nos atopamos e que hoxe podemos contemplar, nada ten que ver coa primitiva.

**E**n este remanso de paz, lejos del mundanal ruido, excepto los silbidos de los pájaros y el murmullo de las aguas del Miño, monjes y devotos del lugar construyeron una capilla para dar gracias por todos los bienes recibidos. Esta primera ermita quedó, como el resto de las casas, viñedos, bodegas, pesqueras, molinos, etc., debajo de las aguas del embalse en el año 1963. La capilla que FENOSA construyó, cerca de la que nos encontramos y que hoy podemos contemplar, nada tiene que ver con la primitiva.



Concello de  
PARADELA

enel  
Green Power